

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE FACENDA E O CONCELLO DE SANTIAGO PARA O ACCESO PÚBLICO AO XARDÍN DO PAZO DE AMARANTE

En Santiago de Compostela, nas dependencias administrativas da Consellería de Facenda en San Caetano, a

REUNIDOS

Por unha banda, Dona Elena Muñoz Fonteriz, Conselleira de Facenda, nomeada polo Decreto 8/2012, do 3 de xaneiro, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, no Decreto 13/2012, do 4 de xaneiro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 307/2009 do 28 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Facenda.

Por outra,, actuando en nome e representación do Concello de Santiago de Compostela, na súa calidade de alcalde do Concello.

Ambos interveñen en nome e representación das institucións anteditas

EXPOÑEN

PRIMEIRO

A Comunidade Autónoma de Galicia é titular do inmovible denominado Pazo de Amarante situado na Algalia de Abaixo, no concello de Santiago de Compostela, consonte ao Real decreto 2166/1994, de 4 de novembro, sobre traspaso de funcións da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de Xustiza. Atópase inscrito no Rexistro da Propiedade nº 1 de Santiago ao tomo 1.200, libro 216, folio 187, predio 23.292. Referencia catastral 7680231NH3478B0001QS. Dito inmovible é un ben catalogado formando unha unidade, integrada pola edificación mais o xardín. Este xardín, segundo informe da Subdirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo, "non só fai parte indisoluble do resto do espazo construído, senón que é un elemento

fundamental, imprescindible e inseparable do conxunto" considerando ademais dito informe que a unidade Pazo de Amarante, formada pola construción máis o xardín, "debe ser perpetuada e potenciada", estimándose que a súa potenciación implica a diferenciación de dita unidade do conxunto de terreos e edificacións do seu entorno.

O inmovible está adscrito na actualidade ao Consello Económico e Social, ao Consello Galego de Relacións Laborais e ao Consello Consultivo de Galicia

SEGUNDO

A Consellería de Facenda e o Concello de Santiago, no marco do respecto ao recollido no expoñendo anterior, acordan permitir o acceso público de persoas ao xardín existente dentro do recinto do inmovible, duns 870 metros cadrados aproximadamente, a través dunha zona de acceso duns 525 m2.

TERCEIRO

A Administración Autonómica ten subscriba unha póliza de aseguramento sobre o inmovible, tendo en conta os usos actuais do mesmo, e que polo tanto resulta insuficiente para a ampliación dos usos previstos.

Ademais, os órganos que teñen adscrito o inmovible teñen suscrito un contrato para a prestación do servizo de seguridade que abrangue exclusivamente os días laborais.

Ao abeiro do exposto ambas partes acordan formalizar o presente convenio de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira.-

O obxecto deste convenio é o establecemento das bases de colaboración entre a Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería de Facenda, e o Concello de Santiago para permitir o acceso público de persoas ao xardín do Pazo de Amarante.

Segunda.-

A Consellería de Facenda autoriza o acceso público dos cidadáns ao xardín do Pazo de Amarante a través do portal existente na Praza de Salvador Parga, no que non se poderá realizar ningún uso non conforme coa natureza do ben e o seu carácter de ben catalogado para o uso exclusivo de xardín.

A autorización en ningún caso comporta a supresión do aparcamento actualmente existente a ambos lados do corredor central de acceso ao xardín, que continuará sendo permanentemente de uso exclusivo do persoal dos órganos que dispoñan da adscrición do inmovible.

Terceira.-

O Concello de Santiago comprométese a:

a) A apertura e peche do portal de acceso ao xardín de 09.00 horas a 18.30 horas en horario de inverno, e de 09.00 horas a 21.00 horas en horario de verán, que en todo caso será compatible co uso que os órganos autonómicos que teñan adscrito o inmovible poidan facer do aparcamento, nas horas en que o portalón permaneza pechado de acordo co horario establecido. O Concello, agás que exista autorización por escrito dos órganos que teñen a adscrición do inmovible, non poderá bloquear en ningún momento a entrada de acceso ao xardín.

b) Atendendo á finalidade da autorización e conforme ao recollido no expoñendo primeiro, quedará prohibida calquera tipo de actuación que afecte ao carácter indisoluble da totalidade do inmovible, así coma os actos non conformes ao uso específico de xardín e polo tanto, que vaian contra a súa natureza e o seu carácter de ben catalogado, comprometéndose o Concello a velar polo cumprimento desta circunstancia.

c) O Concello asumirá a xestión (incluída a apertura e o peche da entrada ao xardín nos horarios recollidos na cláusula terceira letra a), conservación, mantemento, vixilancia e seguridade do xardín, asumindo toda a responsabilidade derivada dos posibles danos que se poidan producir ás persoas, ao inmovible ou aos vehículos estacionados na zona de acceso.

Quedarán prohibidos os actos que perturben o normal desenvolvemento das actividades polo órganos que dispoñen da adscrición do inmovible, as actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas, as acampadas, calquera tipo de acto público e en xeral, calquera tipo de actividade allea ao uso propio de xardín, comprometéndose o Concello a velar polo cumprimento destas circunstancias.

O Concello comprométese a asumir calquera tipo de reparación sobre os distintos elementos da fachada do edificio que veña motivada na apertura pública do xardín, asumindo tamén a limpeza do terreo obxecto de apertura (tanto xardín coma accesos).

d) De conformidade co expoñendo terceiro, o Concello subscribirá unha póliza de aseguramento a todo risco de perdas e danos materiais, polo importe do valor do inmovible, composto por xardín duns 870 m² e accesos duns 525 m² (149.959,80 €); e outra póliza de aseguramento de responsabilidade civil que garanta posibles danos a terceiros e aos vehículos alí estacionados, como consecuencia tanto do uso do xardín coma da zona de acceso, por un importe mínimo de 600.000 €. A Administración xeral da Comunidade Autónoma será a beneficiaria e asegurada respectivamente destas pólizas, que se manterán durante todo o período da autorización.

e).- O Concello deberá prohibir mediante sinalización o acceso de vehículos non autorizados pola propia Administración autonómica ao terreo que da acceso ao xardín, así como a entrada de animais.

f).- Calquera tipo de intervención que poida superar a mera conservación e mantemento do xardín deberá ser previamente aprobada pola Consellería de Facenda, previa remisión do proxecto de obras ou instalacións, plan, memoria, etc no que quede garantida a unidade e diferenciación do conxunto formado polo edificación e xardín do Pazo de Amarante.

Cuarta.-

Nomearase unha "comisión de seguimento" do presente convenio formada por catro persoas, dúas designadas pola Consellería de Facenda, dúas designadas polo Concello de Santiago, que resolverá toda continxencia que poida xurdir do desenvolvemento do presente convenio.

A Consellería de Facenda, unha vez oída a comisión de seguimento, interpretará o conxunto de cláusulas e resolverá as diverxencias que puideran acaecer, así como as dúbidas ou calquera outra incidencia que se derive do cumprimento do disposto no presente Convenio.

Quinta.-

Será motivo de resolución do presente Convenio:

- a) o mutuo acordo das partes.
- b) o incumprimento das súas cláusulas, mediante denuncia de calquera das partes, oída a comisión a que se refire a cláusula anterior.

Ademais, o convenio quedará automaticamente resolto se por calquera causa a autorización de uso non resulta compatible coa afectación do inmovible, a criterio da Consellería de Facenda, previo informe do órgano que teña adscrito o inmovible con motivo da súa afectación.

Sexta.-

O presente convenio ten natureza administrativa. O coñecemento dos litixios que del se poidan derivar correspóndelle á xurisdición contencioso-administrativa.

Sétima.-

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá unha vixencia ata o 31 de decembro do 2013, salvo que se produza algunha das cláusulas de resolución previstas na cláusula quinta, podendo prorrogarse anualmente se tres meses antes do seu vencemento non se renuncia a el, por carta certificada, por calquera dos aquí asinantes.

Oitava.-

En todo o non previsto no presente convenio, estarase ao disposto na Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, o Decreto 50/1989, do 9 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de patrimonio de

Galicia, ao Regulamento de Bens das Entidades Locais, Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, e a Lei 33/2003, do 3 de novembro de patrimonio das Administracións Públicas

O presente documento é lido polas partes intervincentes e mostrándose conformes con el, asínano no lugar e data citados no comezo.

A conselleira de Facenda

O alcalde do Concello

Elena Muñoz Fonteriz